



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Consello da Xunta de Galicia celebrado hoxe aprobou a **Estratexia de Especialización Intelixente da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (RIS3T)**, a primeira RIS transfronteiriza da UE. Esta ferramenta permitirá xerar **crecemento económico, emprego de calidade e benestar social** impulsando conxuntamente fortalezas e retos comúns.

Así, a RIS3T ten como obxectivo dinamizar a participación da Eurorrexión nas convocatorias europeas de cooperación interterritorial. En concreto, na convocatoria do **Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP)** cuxa convocatoria abre mañá, teranse en conta as prioridades de innovación recollidas na RIS3T como criterios na selección de proxectos. Tamén constituirá o marco para poñer en marcha accións e proxectos coordinados capaces de competir con maior éxito na captación de financiamento procedente do Programa Horizonte 2020. En conxunto, a RIS3T aspira a **mobilizar 360 millóns de euros** en proxectos de innovación da Eurorrexión até 2020.

Os **retos comúns** identificados neste documento son seis: o aproveitamento da enerxía da biomasa e do mar; a mellora da competitividade das industrias agroalimentarias e biotecnolóxicas; o desenvolvemento conxunto das industrias de mobilidade; o impulso da industria 4.0; a innovación nas industrias creativas e turísticas a través das TIC; e as solucións avanzadas para a vida saudable baseadas no envellecemento activo.

A elaboración desta estratexia estivo coordinada pola **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** e a **Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte (CCDR)** e nela participaron máis de 200 empresas e centros de coñecemento de ambas rexións.

O documento completo pode consultarse na **páxina web da Axencia Galega de Innovación** a partir de mañá.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.